

Decidimos celebrar entroido en Xinzo, hai moitas cousas que requiren atención para poder desfrutar das vacacións. Fixemos un listado do que conleva esta planificación. Responde a cada dúbida que se plantexa nos seguintes puntos.

1. Encontraches un disfraz de Ladybug, a etiqueta pón que custa **85 €** pero fanche un **desconto** do **20%** para liquidar tódolos disfraces.

a) Cantos cartos aforraches?

b) Cal foi o **prezo final** do vestido (o que realmente pagaches)?

2. Encargachedes comida para 15 persoas e **pagastes en total 169,5 €**. Ao voso lado está un grupo de **7** persoas que piden o mesmo menú do día,

a) canto **pagarán** pola súa comida?

3. Pretendemos facer o Camiño Francés dende O Cebreiro ata Santiago en varias etapas e dunha ruta de 155 km **recorrimos 21 km** o sábado pasado, os que van de Xinzo de Limia a Allariz.

a) Que **porcentaxe** do Camiño nos **queda por recorrer**?

4. Toca pagar a factura do hotel onde nos quedamos en Xinzo. Esta ascendía a **1405,5 €** sen IVE.

a) **Calcula a canto ascende o total da factura engadindo o 16%** de IVE (se engadimos o IVE, sabremos canto pagaremos).

b) Si éramos 12 persoas canto pagamos cada unha?

5. En Xinzo teñen moita tradición de celebrar o entroido e durante eses días aumenta o número de visitantes polo que aumenta o número de persoas que traballan en Hostelería ata un total de 2350 persoas. Este número de persons **corresponde ao 24% do total da poboación**.

a) Cantos habitantes **hai en total** en Xinzo?

6. Indica se as seguintes pares de magnitudes son directamente proporcionais, inversamente proporcionais ou se non son proporcionais

a) A distancia percorrida durante o camiño Francés e o tempo que nos leva percorrela.

b) A velocidade do tren e o tempo que tardamos en chegar á estación.

c) O número de persoas disfrazadas e o número de días que dura o entroido.